

CIG-Saúde Laboral

Boletín nº 31

Nº 31 ABRIL 2019 CIG - GABINETE TÉCNICO CONFEDERAL DE SAÚDE LABORAL

www.cigsaudelaboral.org

SUMARIO

ANÁLISE/OPINIÓN

CAMPAÑA DA DEREITA POLÍTICA E EMPRESARIAL PARA QUE AS MUTUAS TAMÉN CONTROLÉN AS BAIXAS LABORAIS POR ENFERMIDADE COMÚN

Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

INFORMACIÓN

PROCEDEMENTO XERAL DE ACTUACIÓN EN CASO DE ENFERMIDADE OU ACCIDENTE QUE IMPIDA TRABALLAR

Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

ANÁLISE/OPINIÓN

A SEGURIDADE SOCIAL, AS EMPRESAS COLABORADORAS, AS MUTUAS E O PARTIDO POPULAR: CRÓNICA DUNHA XESTIÓN NEFASTA E IRREGULAR

Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

ANÁLISE/OPINIÓN

A EN

A ENQUISA HIXIÉNICA, UNHA FERRAMENTA IMPRESCINDIBLE NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN DE RISCOS

Campaña da dereita política e empresarial para que as mutuas tamén controlen as baixas laborais por enfermidade común



EDITA: CIG

FINANCIADO POR:

CÓD. ACCIÓN: AT2018-0038



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE TRABAJO, MIGRACIONES
Y SEGURIDAD SOCIAL



FUNDACIÓN
ESTATAL PARA
LA PREVENCIÓN
DE RIESGOS
LABORALES, F.S.P.



Confederación Intersindical Galega

A Enquisa Hixiénica, unha ferramenta imprescindible no procedemento de avaliación de riscos

A Hixiene Industrial é unha disciplina técnica de carácter preventivo que busca evitar as enfermidades profesionais e os danos á saúde que son provocados por axentes tóxicos no medio laboral. Desgraciadamente os axentes tóxicos e contaminantes son comúns en moitos lugares de traballo, podendo ser estes de orixe físico, químico ou biolóxico, formando parte dos procesos de produción e xerando, segundo os casos, distintos niveis de exposición e risco para a saúde dos traballadores/as.

Axentes tóxicos de exposición potencial

A) Axentes químicos

- Materias primas (fundamental ter en conta a información facilitada polas fichas de datos de seguridade, FDS).
- Produtos intermedios xerados ben en reaccións do proceso ou por tratamentos - temperatura, presión- e intervencións nas que se poidan xerar axentes químicos.
- Produtos finais resultantes.
- Subprodutos e os residuos xerados nas

fases do proceso.

Na exposición a axentes químicos é imprescindible ter en conta a concentración existente, os tempos de exposición aos mesmos e a súa toxicoloxía, a efectos de ponderar axeitadamente as posteriores e necesarias valoracións.

B) Axentes físicos

Que poden provocar unha exposición potencial, tendo especialmente en conta as áreas de traballo, as instalacións, os equipos, a maquinaria, etc.



Axentes físicos: ruído, vibracións, ultrasóns, presión hiperbárica, campos electromagnéticos, radiacións ópticas, radiacións ionizantes, temperatura, humidade, iluminación.

C) Axentes biolóxicos

Neste caso a exposición vén fundamentalmente determinada polo tipo de actividade e as instalacións nas que se realiza. Resulta imprescindible identificar os focos nos que se xeran estes axentes biolóxicos, o medio polo que se poden propagar e cales son as medidas de control existentes.

A “Enquisa Hixiénica” constitúe un dos pasos previos e fundamentais para a preparación e elaboración da avaliación de riscos. O seu cometido é a recompilación sistematizada de datos que poidan considerarse relevantes para identificar aqueles factores presentes no ambiente de traballo que poidan supoñer un perigo para a saúde.

A realización dunha enquisa hixiénica constitúe unha tarefa de certo nivel de complexidade que debe abordarse con método e rigor técnico, co gallo de evitar a comisión de erros que

poderían non identificar axeitadamente os riscos e invalidar a pertinencia dos seus resultados.

Para cumprimentar a enquisa hixiénica débese proceder a unha toma de datos diversa que inclúe a observación directa dos procesos produtivos e os métodos de traballo empregados, a identificación e categorización dos produtos, subprodutos resultantes e substancias utilizadas.

Identificación dos riscos hixiénicos

- Materias primas utilizadas no proceso de produción.
- Procesos tecnolóxicos empregados.
- Métodos de traballo utilizados.
- Estado e características das instalacións.
- Produtos e subprodutos utilizados e residuos xerados.
- Sistemas de control.
- Perfil dos traballadores/as (idade, sexo, cualificación, experiencia, saúde, etc.).
- Frecuencia e duración das exposicións.
- Vías de contaminación (respiratoria, dérmica, radiacións, inxesta, etc.).



- Posibles interaccións entre contaminantes.

A observación directa das tarefas que forman parte de cada proceso produtivo, así como as entrevistas aos operarios e técnicos que se considere teñen un fondo coñecemento das operacións que se realizan e como se realizan, constitúen unha parte importante da enquisa hixiénica para obter unha información precisa de cada situación.

Neste proceso, a identificación dos riscos a través da Enquisa Hixiénica deberá estar relacionada con: (a) as zonas e postos de traballo; (b) a actividade produtiva e as tarefas desenvolvidas; (c) as características dos procesos; (d) a tecnoloxía aplicada; (e) as condicións de traballo; (f) as instalacións e equipos que interveñen; (g) a relación de substancias e mesturas químicas utilizadas, os produtos intermedios, os produtos finais e os residuos; (h) as quendas de traballo; (i) o número de traballadores/as expostos/as; (l) a idade e sexo dos traballadores/as; (m) a saúde dos traballadores/as e os

danos aos que se viron sometidos na realización do seu traballo, así como todas aquelas medidas e dispositivos correctores e preventivos que estean activados e operativos nas contornas de traballo a estudar.

Toma de mostras

A toma de mostras para ser eficaz e rigorosa debe de ter en conta:

- As zonas nas que se farán as medicións que deberán coincidir cando menos con todas aquelas susceptíbeis de risco de exposición.
- Duración das tomas de mostraxe, que terán que ter relación cos ciclos de traballo e cos procesos de produción.
- A determinación do número de mostras necesarias en cada lugar e/ou posto de traballo, e o número de traballadores/as afectados pola mostraxe.
- Períodos de tempo nos que se terán que facer as mostraxes e períodos nos que non, segundo os ciclos produtivos e de traballo.
- Tipos de mostraxe a realizar en cada caso:




persoal, ambiental, continua, puntual, mixta.

- Periodicidade coa que se deben repetir as mostraxes.
- Utilización de instrumentos de medición axeitados ao tipo de contaminante.

Unha vez recollidos os datos cos resultados das medicións e o conxunto da información recompilada, haberá que proceder á análise das mesmas co gallo de determinar a situación hixiénica. Unha vez ordenada e sistematizada esta información haberá que establecer os criterios de valoración de cada risco identificado para avaliar o seu alcance e repercusión, cotexándoo cos valores límite medioambientais legalmente establecidos.

A avaliación da Enquisa Hixiénica só remata cando se elabora un informe completo cos resultados da mesma. A súa finalidade será dobre: deixar constancia e rexistro de todos os datos e informacións recollidas coas súas consecuentes conclusións, e por outra servir de soporte documental para o proceso de comunicación e información dos resultados con todos os interesados, especialmente os traballadores/as e os seus representantes.

A partires dese intre, os resultados da Enquisa Hixiénica pasarán a configurarse como unha parte esencial da avaliación de riscos en proceso de elaboración.



Depósito Legal:
C428-2012

Os contidos publicados son responsabilidade exclusiva do Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral da Confederación Intersindical Galega e non reflicten necesariamente a opinión da "Fundación Estatal para la Prevención de Riesgos Laborales F.S.P."

Edita: Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral. www.cigsaudelaboral.org